

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

5993 *Real decreto 778/2012, do 4 de maio, de réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico.*

Este real decreto desenvolve a regulación contida na Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, de conformidade coa habilitación que para estes efectos establece a disposición derradeira décimo segunda da dita lei. Coa aprobación deste real decreto finalízase a transposición completa da Directiva 2009/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión prudencial desas entidades, pola que se modifican as directivas 2005/60/CE e 2006/48/CE e se derroga a Directiva 2000/46/CE, xa incorporada na súa maior parte ao ordenamento xurídico español a través da referida Lei 21/2011, do 26 de xullo.

Este real decreto supón o último fito normativo dunha realidade económica e social en desenvolvemento no mercado da Unión Europea desde que apareceron os primeiros instrumentos de prepago electrónico, que deu lugar á adopción da Directiva 2000/46/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como a supervisión cautelosa de tales entidades. Esta directiva incorporouse ao noso ordenamento a través do artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e do Real decreto 322/2008, do 29 de febreiro, sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico, que o desenvolve. Ambas as normas tiñan como propósito principal estimular a competencia e abrir o sector da emisión de diñeiro electrónico a institucións distintas das bancarias e das entidades de crédito tradicionais, permitindo a creación dun novo tipo de entidades, as entidades de diñeiro electrónico.

Con todo, a experiencia acumulada co paso do tempo e o desenvolvemento do propio sector aconsellaron determinadas modificacións do réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico e da emisión de diñeiro electrónico que, finalmente, se materializaron na aprobación da Directiva 2009/110/CE.

Son tres os obxectivos fundamentais que se poden identificar neste real decreto, que complementan os previstos na lei:

En primeiro lugar, coaduxa a aumentar a precisión do réxime xurídico aplicable á emisión de diñeiro electrónico, clarificando a súa definición e o ámbito de aplicación da norma. Desta forma, ao aumentar a seguridade xurídica dos intervinientes no mercado, facilitarase o acceso á actividade de emisión de diñeiro electrónico e estimularase a competencia nese sector.

Por outro lado, a norma completa o deseño dun réxime xurídico máis proporcionado das entidades de diñeiro electrónico. En efecto, o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico vixente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 21/2011, do 26 de xullo, establecía uns requisitos que resultaban demasiado onerosos para as entidades, e que se revelaron como inadecuados en relación cos riscos que a súa actividade pode potencialmente xerar.

Por último, a norma contribúe a garantir a consistencia entre o novo réxime xurídico das entidades de pagamento e o aplicable ás entidades de diñeiro electrónico.

O real decreto regula o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico e concreta, así mesmo, algunhas disposicións relativas ao réxime xurídico xeral da actividade de emisión de diñeiro electrónico. Componse de vinte e sete artigos, distribuídos en sete capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I, que está integrado por nove artigos, contén o réxime xurídico da creación das entidades de diñeiro electrónico.

En particular sinálase, como é habitual no réxime de creación doutras entidades financeiras, que lle corresponde ao ministro de Economía e Competitividade autorizar a creación das entidades de diñeiro electrónico, logo de informe do Banco de España e do servizo executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, nos aspectos da súa competencia.

A solicitude deberase presentar, tamén como é usual, ante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e prevese a necesidade de inscrición, como se viña facendo, das entidades de diñeiro electrónico nun rexistro especial do Banco de España, antes de comezaren a súa actividade. Recóllense tamén algunhas particularidades para o caso de que a entidade de diñeiro electrónico que se vaia autorizar estea controlada por outra entidade dun Estado non membro da Unión Europea.

Establécense, ademais, os requisitos para obter e conservar a autorización dunha entidade de diñeiro electrónico e que se deben probar no momento da solicitude de creación da entidade para merecer a autorización. Estes requisitos refírense tanto á forma xurídica da entidade de diñeiro electrónico como ao seu capital inicial ou ás condicións que deben reunir os socios titulares de participacións significativas e os administradores da entidade.

Tamén se prevé neste capítulo a creación por parte do Banco de España dun Rexistro de Altos Cargos, en que se deberán inscribir os administradores e directores xerais das entidades de diñeiro electrónico. A isto súmase a obriga mencionada de inscribir as propias entidades de pagamento antes de iniciar as súas actividades no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico creado no Banco de España.

Os artigos 6, 7 e 8 están dedicados ao réxime aplicable a distintas modificacións que pode experimentar unha entidade de diñeiro electrónico, tanto nos seus estatutos sociais coma nas súas actividades, cunha previsión específica para o caso de fusión. Un último artigo especifica que o uso da denominación de entidade de diñeiro electrónico ou a súa abreviatura deberá figurar na denominación social da entidade. O anterior complétase con dúas epígrafes destinadas a garantir que o usuario coñece en todo momento da natureza xurídica de entidade de pagamento que detenta o seu provedor de servizos de pagamento.

O capítulo II regula a actividade transfronteiriza das entidades de diñeiro electrónico e consta de catro artigos.

O primeiro regula a apertura de sucursais e a libre prestación de servizos nun Estado membro da Unión Europea por entidades de diñeiro electrónico españolas e establece, en particular, a obriga de comunicación ao Banco de España e a información que a debe acompañar.

O segundo detalla o réxime de comunicación ao Banco de España que deben cumprir as autoridades supervisoras daquelas entidades de diñeiro electrónico comunitarias que queiran prestar de maneira permanente os seus servizos en España.

Nos dous artigos seguintes concrétase o réxime de autorización previa do Banco de España a que están suxeitas aquelas entidades de diñeiro electrónico españolas que desexen prestar servizos de pagamento nun Estado non membro da Unión Europea, ben mediante a apertura de sucursais, ben en libre prestación de servizos.

O capítulo III está dedicado ao réxime dos axentes e á delegación de funcións, contido cada un deles nun dos dous artigos de que consta este capítulo.

Respecto ao réxime dos axentes, o artigo 14 establece que as entidades de diñeiro electrónico non poden emitir diñeiro electrónico a través de axentes. No suposto de que presten servizos de pagamento, esta actividade si se poderá realizar a través de axentes, para o cal se deberán cumprir os requisitos previstos no Real decreto 712/2010, do 28 de maio, de réxime xurídico dos servizos de pagamento e das entidades de pagamento.

No que se refire á delegación de funcións, establécese un réxime de información previa ao Banco de España para aquelas que sexan esenciais, mentres que a comunicación se efectuará con posterioridade á delegación en caso de que as funcións a que esta afecta non sexan esenciais. Este réxime complétase cunha serie de disposicións

dirixidas a garantir que a delegación de funcións operativas esenciais non redunda nunha diminución da súa calidade ou control interno, ou en menoscabo das responsabilidades e obrigas das entidades de diñeiro electrónico en relación cos usuarios.

Os requisitos de garantía e os requirimentos de recursos propios regúlanse nos cinco artigos que conforman o capítulo IV da norma proposta.

A necesidade de que as entidades de diñeiro electrónico salvagarden os fondos dos seus usuarios para a emisión de diñeiro electrónico e a execución de operacións de pagamento, exige que estas entidades dispoñan dalgún dos dous métodos de garantía establecidos na Lei 21/2011, do 26 de xullo, cuxo detalle se especifica na norma proposta. En relación co primeiro método, detállanse os activos seguros e de baixo risco en que poderán investir os fondos a que se refire o artigo 10.1.a) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento. No que respecta ao segundo método concréntanse as condicións que deberá cumprir a póliza de seguro ou garantía comparable.

Por outra banda, detállase o método de cálculo que deberán aplicar as entidades de pagamento para determinar os seus requirimentos de recursos propios. Con carácter xeral será a suma de dúas cantidades: 1. En caso de prestación de servizos de pagamento non vinculados á emisión de diñeiro electrónico, a cantidade prevista na normativa de servizos de pagamento como recursos propios para as entidades de servizos de pagamento; e 2. Respecto á actividade de emisión de diñeiro electrónico, un 2% da media de diñeiro electrónico en circulación.

Ademais, no capítulo IV contense unha serie de previsións destinadas a garantir o retorno ao cumprimento das normas relativas a recursos propios, en caso de que unha entidade presente un déficit de recursos propios respecto dos exixidos. En primeiro lugar, establécese unha obriga de información ao Banco de España, que deberá ir acompañada dun programa para retornar ao cumprimento. Así mesmo, establécese unha obriga de someter a aplicación de resultados á autorización previa do Banco de España.

O capítulo V introduce o concepto de entidades de diñeiro electrónico híbridas, definidas como aquelas entidades de diñeiro electrónico que realicen, ademais da emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento, calquera outra actividade económica. Adáptanse algúns aspectos da norma para a súa aplicación especial a estas entidades, sobre todo en relación con algúns requisitos tanto para exercer a actividade como para efectos da solicitude, o Rexistro de Altos Cargos, a supervisión e a contabilidade.

Por último, detállase neste capítulo o procedemento en virtude do cal o Banco de España pode exixir a unha entidade de diñeiro electrónico híbrida que constituía unha entidade de diñeiro electrónico separada, cando a realización doutras actividades económicas distintas á emisión de diñeiro electrónico e á prestación de servizos de pagamento poida afectar a súa solidez financeira ou a capacidade das autoridades para realizar a súa función de supervisión.

No capítulo VI recóllense aspectos adicionais relativos ao réxime xurídico da emisión de diñeiro electrónico, por un lado, e á prestación de servizos de pagamento por parte das entidades de diñeiro electrónico, por outro.

Establécese unha excepción á aplicación da normativa reguladora da emisión de diñeiro electrónico. Non está suxeito a esta normativa o valor monetario almacenado en instrumentos cuxo uso estea limitado aos establecementos do emisor ou dentro dunha rede limitada de provedores.

Por outro lado, establécese que ás contas de pagamento mantidas polas entidades de diñeiro electrónico se aplicarán as limitacións contidas no Real decreto 712/2010, do 28 de maio.

Por último, o capítulo VII, que contén os tres últimos artigos da norma proposta, recolle o réxime de supervisión e sancionador aplicable ás entidades de diñeiro electrónico. Ambos seguen, no fundamental e con algunhas adaptacións, o réxime aplicable ás entidades de crédito.

Recóllese, así mesmo, o deber de segredo profesional para todas as persoas que no desempeño dunha actividade profesional para o Banco de España ou no intercambio de información con outras autoridades coñecesen datos de carácter reservado.

Introduciuse no proxecto unha disposición transitoria que desenvolve a contida na Lei 21/2011, do 26 de xullo, que pola súa vez procede da directiva comunitaria, que fai referencia a aquelas entidades de diñeiro electrónico que obtivesen autorización en virtude do artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. A Lei 21/2011, do 26 de xullo, non require que estas entidades soliciten unha nova autorización, ben que exige que acrediten o cumprimento dos requisitos necesarios para o desenvolvemento desta actividade de acordo con ela. O proxecto, para os efectos desa acreditación, exonera estas entidades de presentaren determinada documentación, salvo requirimento expreso.

Conta adicionalmente o proxecto cunha disposición derogatoria, e conclúe con tres disposicións derradeiras, que conteñen, respectivamente, o referido aos títulos competenciais ao abeiro dos cales se dita o real decreto, a referencia á incorporación do dereito da Unión Europea, na medida en que completa a transposición da Directiva 2009/110/CE, e a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de maio de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Réxime xurídico da creación das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 1. Autorización e rexistro das entidades de diñeiro electrónico.

1. Correspóndelle ao ministro de Economía e Competitividade, logo de informe do Banco de España e do servizo executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar a creación das entidades de diñeiro electrónico, así como o establecemento en España de sucursais de entidades de diñeiro electrónico autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea. Na autorización especificaranse as actividades que poderá realizar a entidade de diñeiro electrónico, de acordo co programa presentado pola entidade.

2. A solicitude de autorización deberá ser resolta dentro dos tres meses seguintes á súa recepción na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira ou no momento en que se complete a documentación exigible. A autorización entenderase desestimada por silencio administrativo se, transcorrido o referido prazo, non se notificase resolución expresa.

3. Unha vez obtida a autorización e tras inscribírense no Rexistro Mercantil, as entidades de diñeiro electrónico deberán, antes de iniciar as súas actividades, quedar inscritas no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico do Banco de España. Neste rexistro faranse constar as actividades para as cales fose autorizada a entidade de diñeiro electrónico e figurarán, ademais, as súas sucursais e os axentes que contrate para a prestación de servizos de pagamento. O rexistro será público e accesible a través dunha páxina electrónica que se actualizará periodicamente.

4. No caso de que o control da entidade de diñeiro electrónico, nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio, o vaia exercer unha entidade de diñeiro electrónico, unha entidade de crédito, unha entidade de pagamento, unha empresa de servizos de investimento ou unha empresa de seguros ou reaseguros autorizada noutro Estado membro da Unión Europea ou as persoas físicas ou xurídicas que, pola súa vez, controlen unha delas, o Banco de España, antes de emitir o informe a que se refire o número 1, deberá consultar as autoridades responsables da supervisión das citadas entidades.

No caso de que ese control vaia ser exercido por unha persoa física ou xurídica, trátase ou non dunha entidade regulada, domiciliada ou autorizada nun país que non sexa membro da Unión Europea, caberá exixir de quen a controle a prestación dunha garantía que alcance a totalidade das actividades autorizadas da entidade que se pretende crear.

Artigo 2. *Requisitos para exercer a actividade.*

Serán requisitos necesarios para obter e conservar a autorización dunha entidade de diñeiro electrónico:

- a) Revestir calquera forma societaria mercantil. As accións, participacións ou títulos de achega en que estea dividido o capital social deberán ser nominativos.
- b) Ter o seu domicilio social, así como a súa efectiva administración e dirección, en territorio español.
- c) Dispor dun capital social non inferior a 350.000 euros.
- d) Que os accionistas ou socios titulares de participacións significativas sexan idóneos conforme o previsto no artigo 4 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.
- e) Que os administradores da entidade de diñeiro electrónico sexan persoas de recoñecida honorabilidade e posúan, a maioría deles, os coñecementos necesarios para a emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento. Estes requisitos deberán concorrer, así mesmo, en cada un dos directores xerais ou asimilados da entidade.

Concorre honorabilidade comercial e profesional naqueles que viñesen observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís ou outras que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e bancarias. Entenderase en todo caso, salvo proba en contrario, que carecen de tal honorabilidade aqueles que, en España ou no estranxeiro, teñan antecedentes penais por delitos dolosos ou estean inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección de entidades financeiras ou conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación, e os quebrados e concursados non rehabilitados en procedementos concursais anteriores á entrada en vigor da referida lei. En caso de antecedentes penais ou inhabilitación no estranxeiro, será exixible que se trate de países que conten coas necesarias garantías de seguridade xurídica equiparables ou recíprocas ás previstas no ordenamento español.

Posúen os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións nas entidades de diñeiro electrónico aqueles que desempeñasen, durante un prazo non inferior a dous anos, funcións de alta dirección, control ou asesoramento ou funcións de similar responsabilidade en entidades de diñeiro electrónico, públicas ou privadas, de dimensión ao menos análoga á entidade para a cal se solicita autorización.

f) Dispor, para os efectos de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, de procedementos de goberno corporativo adecuados, incluída unha estrutura organizativa clara, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estea ou poida estar exposta, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables adecuados. Tales métodos, procedementos e mecanismos serán exhaustivos e proporcionados á natureza, escala e complexidade das actividades de emisión de diñeiro electrónico e aos servizos de pagamento prestados por esa entidade.

g) Establecer procedementos e órganos de control interno e de comunicación para previr e impedir o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo.

Artigo 3. *Requisitos da solicitude.*

1. A solicitude de autorización para a creación dunha entidade de diñeiro electrónico dirixirase á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, acompañada dos seguintes documentos por triplicado:

- a) Proxecto de estatutos sociais, acompañado dunha certificación rexistral negativa da denominación social proposta; en caso de que a autorización sexa solicitada por unha sociedade xa existente bastará certificación vixente da súa inscrición rexistral.

b) Un programa de actividades en que de modo específico consten, ademais da emisión de diñeiro electrónico e, de ser o caso, o tipo de servizo de pagamento que se pretenda prestar, os servizos auxiliares ou estreitamente relacionados con aqueles que se pretendan levar a cabo, así como o resto de actividades que, conforme o artigo 8 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, desexa, de ser o caso, realizar.

c) Un plan de negocios referido ás actividades citadas na letra anterior que inclúa un cálculo das previsións orzamentarias para os tres primeiros exercicios de actividade da entidade de diñeiro electrónico.

d) Xustificación de ter constituído na Caixa Xeral de Depósitos ou nalgunha das súas sucursais, encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, un depósito en efectivo ou en débeda pública, equivalente ao 20 por cento do capital inicial mínimo establecido no artigo 2, á disposición da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Este depósito liberarase, por requirimento do interesado, unha vez constituída a entidade e inscrita no Rexistro especial do Banco de España, así como, de ser o caso, no suposto de revogación da autorización previsto no artigo 5 da Lei 21/2011, do 26 de xullo. O procedemento, prazo e efectos para liberar o depósito serán os previstos na normativa vixente.

Igualmente, procederase á devolución do depósito nos supostos de renuncia á solicitude ou de denegación desta.

e) Unha descrición das medidas adoptadas para protexer os fondos recibidos a cambio do diñeiro electrónico emitido ou, de ser o caso, procedentes da prestación de servizos de pagamento, consonte o previsto no artigo 9 da Lei 21/2011, do 26 de xullo.

f) Unha descrición dos métodos de xestión empresarial do solicitante e dos mecanismos de control interno, incluídos procedementos administrativos, de xestión de risco e contables, que demostre que eses métodos e mecanismos de control empresarial son proporcionados e adecuados.

g) Os procedementos e órganos de control interno e de comunicación que se establezan para previr e impedir o branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo.

h) Unha descrición da organización estrutural de que propoña dotarse o solicitante, incluída, de ser o caso, unha descrición da utilización que se pretenda facer de sucursais, estruturas de distribución e reembolso de diñeiro electrónico ou axentes, para a prestación de servizos de pagamento, das disposicións en materia de delegación de funcións, así como da súa participación nun sistema de pagamento nacional ou internacional, sempre que proceda de conformidade co establecido na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

i) A identidade das persoas que posúan participacións significativas na entidade de diñeiro electrónico, conforme o establecido no artigo 4 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, con indicación da contía da súa participación efectiva e probas da súa idoneidade.

Salvo as entidades de crédito suxeitas a supervisión do Banco de España, os accionistas ou socios que teñan a consideración de persoas xurídicas, deberán presentar, así mesmo, as contas anuais e o informe de xestión dos dous últimos anos, cos informes de auditoría se os houber.

Para os efectos da definición de participación significativa, entenderase por influencia notable a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do máximo órgano de goberno da entidade de diñeiro electrónico.

j) A identidade dos administradores da entidade de diñeiro electrónico e dos seus directores xerais ou asimilados, así como xustificación documental que sirva para acreditar que concorre o requisito de honorabilidade e de que teñen a experiencia e posúen os coñecementos necesarios para a emisión de diñeiro electrónico.

k) De ser o caso, a identidade dos auditores responsables da auditoría da entidade de diñeiro electrónico.

l) Unha descrición dos servizos, instrumentos ou outros medios, incluído o Regulamento para a defensa do cliente, de que se dispoña para atender e resolver as queixas e reclamacións dos seus clientes.

m) O enderezo do domicilio social ou sede de dirección efectiva en territorio español do solicitante.

n) No caso de entidades xa existentes, contas anuais auditadas do último exercicio, e unha memoria explicativa das características e situación da empresa.

Para os efectos das letras e), f) e h), o solicitante facilitará unha descrición dos seus procedementos de auditoría e das disposicións organizativas que establecese, co fin de adoptar todas as medidas razoables para protexer os intereses dos seus usuarios e garantir a continuidade e fiabilidade da emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento.

2. A entidade de diñeiro electrónico informará inmediatamente de calquera cambio que afecte a exactitude da información, de conformidade con este artigo. En todo caso, caberá exixir aos promotores cantos datos ou informes se consideren oportunos para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 4. Autorización do establecemento en España de sucursais de entidades de diñeiro electrónico autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea.

1. Na autorización do establecemento en España de sucursais de entidades de diñeiro electrónico estranxeiras autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea observarase o disposto nos artigos anteriores, no que lle sexa de aplicación, coas particularidades seguintes:

a) A mención ao proxecto de estatutos a que se refire o artigo 3.1.a) entenderase referida ao proxecto de escritura de constitución da sucursal e aos propios estatutos vixentes da entidade de diñeiro electrónico.

b) Por capital social mínimo entenderase a dotación mantida pola entidade en España de fondos de carácter permanente e duración indefinida, dispoñibles para a cobertura de perdas da sucursal.

c) Deberán contar ao menos cunha persoa que sexa responsable da xestión da sucursal que pretenden establecer en España e que determine de modo efectivo a orientación da sucursal. Esa persoa deberá cumprir os requisitos de honorabilidade, coñecementos e experiencia a que se refire a letra e) do artigo 2.

d) O obxecto social da sucursal non poderá conter actividades non permitidas á entidade de diñeiro electrónico no seu país de orixe.

e) A documentación que se lle xunte á solicitude conterá a información necesaria para coñecer con exactitude o réxime xurídico da entidade de diñeiro electrónico estranxeira solicitante, a supervisión a que está sometida, así como a súa situación financeira e unha descrición específica das medidas adoptadas pola entidade para salvaguardar os fondos recibidos a cambio do diñeiro electrónico emitido. Tamén se incluírá unha descrición da estrutura organizativa da entidade e do grupo en que esta eventualmente se integre. Así mesmo, acreditarase que está en posesión das autorizacións que, de ser o caso, exixa o seu país de orixe para abrir a sucursal.

A autorización poderá ser denegada, ademais de polas causas sinaladas no artigo 4.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, pola aplicación do principio de reciprocidade.

2. O Banco de España notificará á Comisión Europea todas as autorizacións de sucursais de entidades de diñeiro electrónico que teñan o seu domicilio social fóra da Unión Europea, unha vez inscritas no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico do Banco de España.

Artigo 5. Rexistro de Altos Cargos das entidades de diñeiro electrónico.

1. Corresponde ao Banco de España a creación e xestión dun Rexistro de Altos Cargos das entidades de diñeiro electrónico, onde se deberán inscribir obrigatoriamente os administradores, así como os seus directores xerais ou asimilados.

Para a inscrición no Rexistro de Altos Cargos, tales persoas deberán declarar expresamente no documento que acredite a súa aceptación do cargo que reúnen os requisitos de honorabilidade a que se refire o artigo 2.e), e que non se encontran incursas en ningunha das limitacións ou incompatibilidades que lles sexan de aplicación.

2. Tamén se inscribirán neste rexistro as persoas responsables da xestión das sucursais en España de entidades de diñeiro electrónico estranxeiras ou do control e xestión das redes en España de axentes para prover servizos de pagamento ou distribuidores de entidades de diñeiro electrónico estranxeiras.

Así mesmo, inscribíranse neste rexistro os axentes a través dos cales as entidades de diñeiro electrónico estranxeiras leven a cabo, de ser o caso, a prestación de servizos de pagamento.

Artigo 6. *Modificación dos estatutos sociais.*

1. A modificación dos estatutos sociais das entidades de diñeiro electrónico estará suxeita ao procedemento de autorización e rexistro establecido no artigo 1, ben que a solicitude de autorización se deberá resolver dentro dos dous meses seguintes á súa recepción na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira ou no momento en que se complete a documentación exixible, transcorridos os cales poderá entenderse concedida a autorización.

2. Non requirirán autorización previa, aínda que deberán ser comunicadas ao Banco de España, nun prazo non superior aos quince días hábiles seguintes á adopción do acordo correspondente, as modificacións dos estatutos sociais que teñan por obxecto:

- a) Cambio do domicilio social dentro do territorio nacional.
- b) Aumento de capital social.
- c) Incorporar textualmente aos estatutos preceptos legais ou regulamentarios de carácter imperativo ou prohibitivo, ou cumprir resolucións xudiciais ou administrativas.
- d) Aqueloutras modificacións respecto das cales a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, en contestación a consulta previa formulada para o efecto pola entidade de diñeiro electrónico afectada, considerase innecesario, pola súa escasa relevancia, o trámite da autorización.

3. Se recibida a comunicación, as modificacións exceden o previsto no punto anterior, o Banco de España advertirállelo aos interesados no prazo de trinta días, para que as revisen ou, de ser o caso, se axusten ao procedemento de autorización do número 1.

Artigo 7. *Ampliación de actividades.*

Cando unha entidade de diñeiro electrónico pretenda ampliar as actividades para as cales está autorizada, seguirase o mesmo procedemento que para a modificación de estatutos. A autorización poderá ser denegada, en especial, se a entidade non cumpre os requirimentos de solvencia que lle correspondan, ou non conta cunha organización administrativa e contable e de procedementos de control internos adecuados ás novas actividades.

Artigo 8. *Fusión de entidades de diñeiro electrónico.*

1. A entidade resultante da fusión na cal polo menos unha das entidades que se fusiona é unha entidade de diñeiro electrónico poderá realizar as actividades para as cales estivesen autorizadas as entidades fusionadas.

2. A fusión deberá ser autorizada polo ministro de Economía e Competitividade, de acordo co procedemento establecido no artigo 6 deste real decreto, ben que o prazo de resolución será de tres meses seguintes á súa recepción na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira ou no momento en que se complete a documentación exixible, transcorridos os cales poderá entenderse concedida a autorización.

Artigo 9. *Uso da denominación reservada, medidas organizativas e de transparencia.*

1. A denominación de entidade de diñeiro electrónico, así como a súa abreviatura, EDE, queda reservada a estas entidades, que as poden incluír na súa denominación social.

2. As entidades de diñeiro electrónico deberán incluír unha referencia á súa natureza xurídica de entidade de diñeiro electrónico na totalidade de documentos que subscriban ou emitan no exercicio da súa actividade de emisión de diñeiro electrónico e, de ser o caso, de prestación de servizos de pagamento, ou que posúan efectos xurídicos fronte a terceiros.

3. Cando as entidades de diñeiro electrónico desenvolvan os servizos operativos ou auxiliares a que se refire o artigo 8 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, ou cando no mesmo local onde se emita diñeiro electrónico se desenvolvan outras actividades económicas, deberán contar coas medidas organizativas e de transparencia necesarias para protexer a clientela e, en especial, asegurar que esta identifica claramente o emisor de diñeiro electrónico.

O Banco de España poderá exixir a adopción das medidas de transparencia necesarias para cumprir co previsto neste punto.

CAPÍTULO II

Actividade transfronteiriza das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 10. *Apertura de sucursais e libre prestación de servizos nun Estado membro da Unión Europea por entidades de diñeiro electrónico españolas.*

1. As entidades de diñeiro electrónico españolas que pretendan emitir diñeiro electrónico ou prestar servizos de pagamento non vinculados a tal emisión noutro Estado membro da Unión Europea, ben mediante o establecemento dunha sucursal ou en réxime de libre prestación de servizos, deberán comunicar previamente ao Banco de España, xuntando a información prevista no artigo 11.1 da Lei 21/2011, do 26 de xullo.

2. Toda modificación das informacións a que se refire este artigo deberá ser comunicada pola entidade de diñeiro electrónico ao Banco de España con carácter previo a que se produza.

3. Cando unha entidade de diñeiro electrónico desexe distribuír diñeiro electrónico noutro Estado membro contratando unha persoa física ou xurídica, seralle de aplicación o disposto nos artigos 14 e 15 do Real decreto 712/2010, do 28 de maio, de réxime xurídico dos servizos de pagamento e das entidades de pagamento.

Artigo 11. *Actuación en España de entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. A apertura en España de sucursais de entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea quedará condicionada a que o Banco de España reciba unha comunicación da autoridade supervisora da entidade de diñeiro electrónico que conteña, polo menos, a seguinte información:

- a) O nome e enderezo da entidade de diñeiro electrónico.
- b) Un programa de actividades en que se indiquen, en particular, as operacións que pretende realizar e a estrutura da organización da sucursal.
- c) O nome e o domicilio da sucursal en España onde se poida requirir á sucursal toda a información necesaria.
- d) O nome e currículo dos directivos responsables da sucursal.

2. Recibida a comunicación, o Banco de España notificarallo á entidade de diñeiro electrónico e esta, tras inscribir a sucursal no Rexistro Mercantil, procederá igualmente á súa inscrición no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico do Banco de España, comunicando a este a data do inicio efectivo das súas actividades.

Transcorrido un ano desde que se notificase á entidade de diñeiro electrónico a recepción da comunicación efectuada pola súa autoridade supervisora, sen que a entidade iniciase as súas actividades, deberase iniciar de novo o trámite previsto no número 1.

3. Se, unha vez aberta a sucursal, a entidade de diñeiro electrónico autorizada noutro Estado membro da Unión Europea pretende modificar o contido dalgunha das informacións relacionadas no número 1, deberallo comunicar polo menos cun mes de antelación ao Banco de España, sen prexuízo da comunicación que proceda á súa autoridade supervisora, antes de efectuar o cambio. Tamén se lle deberá comunicar ao Banco de España o peche da sucursal, polo menos con tres meses de antelación á data prevista para iso.

4. O procedemento establecido neste artigo aplicarase igualmente, na medida que proceda, ás comunicacións que se reciban dos supervisores dunha entidade de diñeiro electrónico autorizada noutro Estado membro da Unión Europea que pretenda prestar servizos de pagamento en España de forma permanente mediante a utilización dunha rede de axentes radicados en España.

Os axentes contratados para a prestación de servizos de pagamento por parte de entidades de diñeiro electrónico autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea deberán respectar no exercicio da súa actividade en España iguais normas que as que están obrigados a observar os axentes de entidades de diñeiro electrónico españolas, de conformidade co previsto no artigo 14.

5. Cando unha entidade de diñeiro electrónico autorizada noutro Estado membro da Unión Europea pretenda distribuír diñeiro electrónico en España mediante unha persoa física ou xurídica que actúe no seu nome, deberá seguir o procedemento establecido neste artigo.

6. Recibida a comunicación do supervisor dunha entidade de diñeiro electrónico autorizada noutro Estado membro da Unión Europea da súa intención de establecer unha sucursal en España, de prestar servizos de pagamento en España de forma permanente mediante axentes radicados en España ou de distribuír diñeiro electrónico en España a través dun intermediario, o Banco de España dará traslado da comunicación ao servizo executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias.

O Banco de España, ademais da obriga de denuncia a que estea obrigado pola lexislación procesual penal española, logo de informe do servizo executivo, informará as autoridades competentes do Estado membro de orixe da entidade de diñeiro electrónico cando teña motivos razoables para sospeitar que se están a perpetrar ou xa se perpetraron ou intentaron actividades de branqueo de diñeiro ou de financiamento do terrorismo ou que a contratación dos axentes, o establecemento da sucursal ou a distribución de diñeiro electrónico a través de intermediarios poderían aumentar o risco de branqueo de diñeiro ou financiamento do terrorismo.

Artigo 12. Apertura de sucursais e libre prestación de servizos nun Estado non membro da Unión Europea por entidades de diñeiro electrónico españolas.

1. A apertura dunha sucursal, a prestación de servizos de pagamento a través de axentes ou en réxime de libre prestación de servizos, e a distribución de diñeiro electrónico por parte de entidades de diñeiro electrónico españolas nun Estado non membro da Unión Europea, quedará suxeita á autorización previa por parte do Banco de España.

2. Á solicitude da autorización sinalada no punto anterior deberáselle xuntar, coa información do Estado onde pretenden desenvolver a súa actividade e o programa de actividades que desexe levar a cabo, o domicilio previsto para a sucursal, a súa estrutura de organización e o nome e currículo dos directivos propostos para ela ou a información equivalente do responsable da rede de axentes ou distribuidores, de ser o caso.

3. O Banco de España resolverá, mediante resolución motivada, no prazo máximo de tres meses a partir da recepción de todas as informacións. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anteriormente previsto, poderase entender desestimada.

4. O Banco de España denegará a autorización cando, á luz desta e da información adicional a que se refire o número 2, as estruturas administrativas ou a situación financeira da entidade de diñeiro electrónico non resulten adecuadas, ou cando no programa de actividades se inclúa a realización de actividades non autorizadas á entidade. Tamén se denegará cando considere que a actividade da sucursal non vai quedar suxeita a un efectivo control por parte da autoridade supervisora do país de acollida, ou que existen obstáculos legais ou doutro tipo que impidan ou dificulten o control e a inspección da sucursal polo Banco de España.

5. Toda modificación das informacións a que se refire este artigo deberá ser comunicada pola entidade de diñeiro electrónico, ao menos un mes antes de efectuala, ao Banco de España. Non se poderá levar a cabo unha modificación relevante no programa de actividades da sucursal se o Banco de España, dentro do referido prazo dun mes, se opón a ela, mediante resolución motivada que será notificada á entidade. Esa oposición deberase fundar nalgunha das causas citadas neste artigo.

Artigo 13. Creación ou adquisición de participacións en entidades de diñeiro electrónico dun Estado non membro da Unión Europea.

1. Quedará suxeita á autorización previa do Banco de España a creación por unha entidade de diñeiro electrónico española dunha entidade de diñeiro electrónico nun Estado non membro da Unión Europea e a adquisición dunha participación significativa ou a toma de control, ben de maneira directa, ben a través de entidades controladas pola entidade de diñeiro electrónico interesada, nunha entidade de diñeiro electrónico xa existente, cando esa entidade de diñeiro electrónico vaia ser constituída ou se encontre domiciliada nun Estado non membro da Unión Europea.

2. No caso da creación, directa ou indirectamente, dunha entidade de diñeiro electrónico nun Estado non membro da Unión Europea, a entidade de diñeiro electrónico española que pretenda creala deberalle xuntar á solicitude de autorización que se presente no Banco de España, ao menos, a seguinte información:

a) Importe do investimento e da porcentaxe que representa a participación no capital e nos dereitos de voto da entidade que se vai crear, así como indicación, de ser o caso, das entidades a través das cales se efectuará o investimento.

b) A prevista nas letras a), b), i) e j) do artigo 3.1 deste real decreto.

c) Descrición completa da normativa aplicable ás entidades de diñeiro electrónico no Estado onde se vaia constituír a nova entidade, así como da normativa vixente en materia fiscal e de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo.

3. No caso de que se vaia adquirir unha participación, entendendo por tal aquela que teña un carácter significativo segundo o previsto no artigo 4.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, e neste real decreto, ou se pretenda adquirir posteriormente o control, deberase presentar a información sinalada no punto anterior, aínda que a prevista na letra b) se poderá limitar a aqueles datos que teñan un carácter público. Tamén se indicará o prazo previsto para a realización do investimento, as contas anuais dos dous últimos exercicios da entidade participada e, de ser o caso, os dereitos da entidade para designar representantes nos órganos de administración e dirección daquela.

4. En todo caso, caberá exixir aos solicitantes cantos datos, informes ou antecedentes se consideren oportunos para que o Banco de España se poida pronunciar adecuadamente sobre a solicitude de autorización e, en particular, os que permitan exercer a supervisión consolidada do grupo.

5. O Banco de España resolverá sobre a autorización no prazo de tres meses contado desde a recepción de toda a información requirida. Cando a autorización non sexa concedida no prazo anteriormente previsto, poderase entender denegada.

O Banco de España denegará a solicitude de autorización cando:

a) Atendendo á situación financeira da entidade de diñeiro electrónico ou á súa capacidade de xestión, considere que o proxecto pode afectala negativamente.

b) Vistas a localización e as características do proxecto, non se poida asegurar a efectiva supervisión do grupo, en base consolidada.

c) A actividade da entidade dominada non quede suxeita a un efectivo control por parte dunha autoridade supervisora nacional.

CAPÍTULO III

Réxime dos axentes e delegación de funcións operativas

Artigo 14. *Axentes.*

1. Ás entidades de diñeiro electrónico españolas e ás sucursais en España de entidades de diñeiro electrónico estranxeiras que teñan o propósito de prestar servizos de pagamento a través dun axente, seralles de aplicación o disposto nos artigos 13, 14 e 15 do Real decreto 712/2010, do 28 de maio.

2. As entidades de diñeiro electrónico non poderán emitir diñeiro electrónico a través de axentes.

Artigo 15. *Delegación de funcións.*

1. Cando unha entidade de diñeiro electrónico pretenda externalizar funcións operativas relacionadas coa emisión de diñeiro electrónico ou a prestación de servizos de pagamento, deberá informar diso o Banco de España.

2. En particular, a delegación de funcións operativas esenciais deberase realizar de modo tal que non afecte a calidade do control interno desas funcións por parte da entidade de diñeiro electrónico, nin a capacidade do Banco de España para controlar que a entidade de diñeiro electrónico cumpre todas as obrigas que establece a lexislación vixente.

Para estes efectos, considerarase que unha función operativa é esencial se unha anomalía ou deficiencia na súa execución pode, ben afectar de modo considerable a capacidade da entidade de diñeiro electrónico para cumprir permanentemente as condicións e obrigas que derivan da súa autorización e do réxime establecido na Lei 21/2011, do 26 de xullo, e neste real decreto, ben afectar os resultados financeiros, a súa solvencia ou a continuidade da súa actividade.

3. Cando unha entidade de diñeiro electrónico pretenda delegar funcións operativas esenciais relacionadas coa emisión de diñeiro electrónico ou coa prestación de servizos de pagamento, deberá informar diso o Banco de España polo menos cun mes de antelación, xuntando información detallada sobre as características da delegación e da identidade da empresa en que se pretendan delegar. Nese prazo, o Banco de España poderá, motivadamente, oporse á delegación, cando aprecie que non se satisfai o establecido neste artigo.

Noutras delegacións de funcións operativas, abondará con informar o Banco de España no prazo dun mes contado desde o momento en que a delegación teña efectividade.

4. En todo caso, cando unha entidade de diñeiro electrónico delegue funcións operativas esenciais, tal delegación:

a) Non suporá en ningún caso o traslado de responsabilidade por parte da alta dirección, sen prexuízo da responsabilidade propia imputable e exixible á entidade en que se delegasen funcións.

b) Non alterará as relacións e obrigas da entidade de diñeiro electrónico de conformidade coa lexislación vixente con respecto aos seus usuarios nin con respecto ao Banco de España.

c) Non irá en menoscabo das condicións que debe cumprir a entidade de diñeiro electrónico para recibir e conservar a autorización, de conformidade co presente real decreto.

d) Non dará lugar á supresión ou modificación de ningunha das restantes condicións ás cales se supeditase a autorización da entidade de diñeiro electrónico.

e) O acordo de delegación entre a entidade de diñeiro electrónico e o terceiro deberase documentar nun contrato escrito en que se concretarán os dereitos e as obrigas das partes.

CAPÍTULO IV

Requisitos de garantía, requirimentos de recursos propios

Artigo 16. *Requisitos de garantía.*

1. As entidades de diñeiro electrónico salvagardarán os fondos recibidos a cambio do diñeiro electrónico emitido ou para a prestación de servizos de pagamento non vinculados a tal emisión, aténdose a un dos dous procedementos establecidos no artigo 9 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, que prescribe a necesidade de dispor o depósito en conta separada ou o investimento en activos seguros e de baixo risco ou, alternativamente, establecer a cobertura por póliza de seguro ou garantía comparable de entidade de crédito ou aseguradora. O procedemento adoptado por cada entidade de diñeiro electrónico deberá figurar no Rexistro especial de entidades de diñeiro electrónico do Banco de España, así como nos contratos que as entidades de diñeiro electrónico subscriban cos usuarios. Cando as entidades adopten o procedemento sinalado no artigo 10.1.b) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, nesos contratos farase constar, así mesmo, a natureza da garantía e a entidade que a achega.

A entidade de diñeiro electrónico deberá facer público o sistema de salvagarda elixido en termos claros e accesibles, na súa páxina web.

2. En caso de que as entidades opten polo procedemento sinalado no artigo 10.1.a) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, consideraranse activos seguros, líquidos e de baixo risco:

a) Depósitos á vista en entidades de crédito sometidas a supervisión prudencial e domiciliadas en Estados membros da Unión Europea ou da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico. A denominación destes depósitos deberá facer mención expresa á súa condición de «saldos de clientes de entidades de diñeiro electrónico».

b) Adquisicións de valores de renda fixa que teñan unha ponderación nula para efectos do risco de crédito, e valores de renda fixa que dispoñan dunha cualificación crediticia externa outorgada por unha ECAI recoñecida equivalente, polo menos, a un nivel de calidade crediticia de 3 ou mellor e que recibirían unha ponderación inferior ou igual ao 50% por risco de crédito, de conformidade co previsto no capítulo III do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, e nas súas normas de desenvolvemento.

c) Participacións nun organismo de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM) que invista unicamente nos activos que se indican no parágrafo anterior.

En circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas, o Banco de España poderá, sobre a base dunha avaliación dos elementos de risco dos activos que se especifican nos incisos anteriores, determinar cales deles non constitúen activos seguros e de baixo risco para efectos do número 1.

3. En caso de que as entidades opten polo procedemento sinalado no artigo 10.1.b) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, o seguro de caución ou a garantía comparable dunha entidade aseguradora ou dunha entidade de crédito deberán cumprir en todo caso as seguintes condicións:

- a) A garantía será directa e ao primeiro requirimento.
- b) O alcance da garantía ou seguro estará definido con claridade.
- c) A garantía alcanzará a todos os fondos recibidos a cambio da emisión de diñeiro electrónico.

d) Sen prexuízo do establecido nos artigos 10, 12 e 15 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, o acordo de garantía ou seguro non conterà ningunha cláusula cuxo cumprimento escape ao control directo da entidade de diñeiro electrónico e que permita ao provedor da garantía ou entidade aseguradora cancelar unilateralmente ou reducir o vencemento de tal garantía ou seguro.

e) A garantía ou seguro farase efectiva en caso de que se ditase auto de declaración de concurso da entidade de diñeiro electrónico. Declarado o concurso, e salvo que os órganos do concurso dispoñan outra cousa, os servizos de pagamento que se lle solicitasen á entidade de pagamento serán inmediatamente executados. Os fondos restantes aboaranse directamente nas contas á vista asociadas ás contas de pagamento.

f) A entidade de crédito ou aseguradora que preste a garantía ou seguro mencionados neste punto non poderá pertencer ao mesmo grupo, de acordo co que dispón o artigo 42 do Código de comercio, que a entidade de diñeiro electrónico garantida ou asegurada.

g) A entidade de crédito que proporcione a garantía deberá ter, no momento de proporcionala, unha cualificación crediticia mínima para exposicións a longo prazo de A1, A+ ou asimilados dunha axencia de cualificación de riscos, outorgada por unha axencia de cualificación crediticia que fose rexistrada de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre as axencias de cualificación crediticia. Se se trata dun seguro, a entidade aseguradora deberá dispor da correspondente autorización administrativa para operar no ramo de seguro de caución e o seguro deberase prestar por unha cantidade equivalente á que tería sido separada en caso de non existir a póliza de seguro ou outra garantía comparable.

Artigo 17. *Recursos propios.*

1. Os recursos propios da entidade de diñeiro electrónico non poderán ser inferiores á cantidade maior das previstas nos artigos 2.c) e 18.

2. Autorízase o Banco de España para adoptar as medidas necesarias co fin de impedir o uso múltiple de elementos que se poidan considerar como recursos propios cando a entidade de diñeiro electrónico pertenza ao mesmo grupo doutra entidade de diñeiro electrónico, entidade de crédito, entidade de pagamento, empresa de servizos de investimento, empresa de xestión de activos ou empresa de seguros. Este punto aplicarase tamén cando unha entidade de diñeiro electrónico desenvolva outras actividades distintas da emisión de diñeiro electrónico e aquelas directamente relacionadas coa emisión de diñeiro electrónico.

Artigo 18. *Cálculo dos requirimentos de recursos propios.*

1. Sen prexuízo dos requisitos de capital establecidos no artigo 2.c) deste real decreto e das facultades que os artigos 7.2 e 8.1.b.4.º da Lei 21/2011, do 26 de xullo, outorgan ao Banco de España, os recursos propios das entidades de diñeiro electrónico serán, como mínimo, igual á suma das cantidades que resulten das seguintes alíneas:

a) Respecto das actividades a que se refire o artigo 8.1.a) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, que non estean vinculadas á emisión de diñeiro electrónico, os requirimentos de recursos propios calcularanse conforme o establecido no artigo 19 do Real decreto 712/2010, do 28 de maio.

b) Respecto da actividade de emisión de diñeiro electrónico, os requirimentos de recursos propios das entidades de diñeiro electrónico suporán, como mínimo, un 2 por cento da media do diñeiro electrónico en circulación.

Para os efectos da aplicación deste real decreto, entenderase por media do diñeiro electrónico en circulación o importe total medio do pasivo financeiro conexo ao diñeiro electrónico emitido ao final de cada día natural durante os seis meses precedentes, calculado o primeiro día natural de cada mes e aplicado ao mes en cuestión.

2. Cando as entidades de diñeiro electrónico realicen algunha das actividades enunciadas no artigo 8.1.a) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, que non estean vinculadas á emisión de diñeiro electrónico, ou calquera das actividades enunciadas no artigo 8.1, letras b) a e), e o volume do diñeiro electrónico en circulación non se coñeza con antelación, as entidades de diñeiro electrónico poderán calcular os recursos propios requiridos sobre a base dunha porcentaxe representativa que se presume que se utilizará para a emisión de diñeiro electrónico, sempre que esa porcentaxe representativa se poida calcular razoablemente sobre a base dos datos históricos e da satisfacción do Banco de España. Cando unha entidade de diñeiro electrónico non completase un período de actividade suficiente, os recursos propios requiridos calcularanse sobre a base do diñeiro electrónico en circulación previsto no seu plan de negocios, a menos que o Banco de España exixa calquera adaptación do citado plan.

Artigo 19. Adopción de medidas para retornar ao cumprimento das normas relativas a recursos propios.

1. Cando unha entidade de diñeiro electrónico presente un déficit de recursos propios respecto dos exixidos conforme este real decreto, a entidade informará diso, con carácter inmediato, o Banco de España e presentará no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para retornar ao cumprimento, salvo se a situación se corrixe nese período. O programa deberá conter, ao menos, os aspectos referidos á identificación das causas determinantes do incumprimento, ao plan para retornar ao cumprimento, que poderá incluír a limitación ao desenvolvemento de actividades que supoñan riscos elevados, o desinvestimento en activos concretos, ou medidas para o aumento do nivel de recursos propios e os prazos previsibles para retornar ao cumprimento.

Este programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir o retorno aos niveis mínimos de recursos propios exixibles. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se producise resolución expresa.

2. Cando o Banco de España, de conformidade co previsto no artigo 7.2.b) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, obrigue unha entidade de diñeiro electrónico a manter recursos propios adicionais aos exixidos segundo o artigo 17 deste real decreto, e como consecuencia desa obriga adicional resulte que os recursos propios da entidade son insuficientes, a entidade presentará no prazo dun mes un programa en que se concreten os plans para cumprir co requirimento adicional, salvo se a situación se corrixe nese período. Este programa deberá ser aprobado polo Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias. O programa presentado entenderase aprobado se aos tres meses da súa presentación ao Banco de España non se producise resolución expresa.

Artigo 20. Aplicación de resultados en caso de incumprimento das normas relativas a recursos propios.

1. Cando unha entidade de diñeiro electrónico presente un déficit de recursos propios superior ao 20 por cento dos requiridos en virtude do disposto neste real decreto, a entidade deberá destinar a reservas a totalidade dos beneficios ou excedentes netos, salvo que o Banco de España autorice outra cousa, ao aprobar o programa de retorno ao cumprimento a que se refire o artigo anterior.

2. Cando o déficit de recursos propios sexa igual ou inferior ao 20 por cento, a entidade someterá a súa distribución de resultados á autorización previa do Banco de España, que establecerá a porcentaxe mínima para destinar a reservas atendendo ao programa presentado para retornar ao cumprimento do artigo 19.

A autorización do Banco de España entenderase outorgada se, transcorrido un mes desde a solicitude, non recaese resolución expresa.

3. O Banco de España poderá establecer os termos en que, de ser o caso, as limitacións á repartición de dividendos a que se refiren os números 1 e 2 deste artigo se poderán aplicar ás filiais instrumentais ou financeiras dunha entidade de diñeiro electrónico.

4. O disposto neste artigo e no precedente enténdese sen prexuízo da aplicación, cando proceda, das sancións previstas na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, conforme o disposto no artigo 20 da Lei 21/2011, do 26 de xullo.

CAPÍTULO V

Entidades de diñeiro electrónico híbridas e deber de constitución dunha entidade de diñeiro electrónico separada

Artigo 21. *Entidades de diñeiro electrónico híbridas.*

1. Para os efectos deste artigo entenderase por entidades de diñeiro electrónico híbridas aquelas que realicen algunha outra actividade económica, ademais da emisión de diñeiro electrónico e daquelas actividades enunciadas no artigo 8.1.a) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, que non estean vinculadas á emisión de diñeiro electrónico.

2. Son de aplicación especial ás entidades de diñeiro electrónico híbridas as seguintes previsións específicas.

a) En relación cos requisitos para exercer a actividade, as entidades de diñeiro electrónico híbridas deberán dispor de polo menos un alto directivo con categoría de director xeral ou asimilado, responsable da emisión de diñeiro electrónico e dos servizos de pagamento a que estea autorizada.

Tal directivo deberá estar en posesión dos coñecementos necesarios a que se refire o artigo 2.e) para a emisión de diñeiro electrónico e para a prestación dos servizos de pagamento. En caso de que a entidade conte cun órgano colexiado de administración, eses coñecementos tamén serán exixibles polo menos a un dos seus membros.

b) Respecto aos requisitos da solicitude:

i. A información sobre os directores xerais e asimilados a que se refire o artigo 3.1.j) presentarase distinguindo entre os que vaian ter responsabilidade directa na emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento, por un lado, e os restantes por outro.

ii. A información a que se refiren as letras f), g) e h) do artigo 3.1 especificará os procedementos e estruturas organizativas destinados a evitar que os riscos das actividades económicas da solicitante poidan afectar os intereses dos titulares de diñeiro electrónico ou os usuarios de servizos de pagamento ou o cumprimento das normas sectoriais e de prevención do branqueo de capitais e financiamento do terrorismo aplicables.

iii. A entidade de diñeiro electrónico deberá achegar información suficiente sobre as actividades económicas que vén realizando ou pretende realizar e que determinan a súa cualificación como entidade de diñeiro electrónico híbrida, así como unha previsión da súa evolución a medio prazo.

A entidade de diñeiro electrónico deberá xuntar, así mesmo, información sobre a eventual vinculación ou sinerxia, comercial, operativa, ou de calquera outra natureza, entre esas actividades e as de emisión de diñeiro electrónico e servizos de pagamento para as cales se solicita autorización, así como sobre os mecanismos que aseguren a separación das responsabilidades adquiridas na emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento.

c) No que se refire ao Rexistro de Altos Cargos, só será necesaria a inscrición dos administradores e dos altos directivos que vaian ter responsabilidade directa na emisión de diñeiro electrónico e na prestación de servizos de pagamento.

d) No que atinxe á modificación dos estatutos sociais, só requirirán autorización previa, conforme o previsto no artigo 6, aquelas modificacións que afecten ou poidan afectar a actividade de emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento.

e) Respecto á supervisión:

i. No exercicio das facultades de control e inspección das entidades de diñeiro electrónico que o artigo 20 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, lle atribúe, o Banco de España poderá solicitar das entidades de diñeiro electrónico híbridas información sobre as actividades económicas que está realizando ou pretenden realizar, que determinan a súa cualificación como tales e que resulten relevantes para o exercicio da súa función de supervisión.

ii. As obrigas de segredo profesional establecidas no artigo 22 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, deberanse observar, así mesmo, en relación coa información a que se refire a letra anterior.

f) En canto á contabilidade, a información separada a que se refire o artigo 10 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, deberá dispor dun detalle suficiente, nos termos que estableza o Banco de España, para asegurar a súa fácil conciliación cos estados reservados que determine o Banco, e permitir unha comparación adecuada coa información pública proporcionada polas restantes entidades de diñeiro electrónico.

Artigo 22. *Deber de constitución dunha entidade de diñeiro electrónico separada.*

1. Conforme o previsto no artigo 8.1 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, unha entidade de diñeiro electrónico híbrida deberá constituír unha entidade separada para a emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento, cando o Banco de España así o exixa por apreciar que as restantes actividades que a entidade de diñeiro electrónico desenvolve prexudican ou poidan prexudicar, ben a solidez financeira da entidade de diñeiro electrónico, ben a capacidade das autoridades competentes para supervisar o cumprimento das obrigas establecidas para a entidade de diñeiro electrónico.

2. O Banco de España resolverá sobre o deber de constituír unha entidade de diñeiro electrónico separada logo de audiencia da entidade interesada. Na resolución fará constar as condicións para a constitución da entidade de diñeiro electrónico separada, determinando qué actividades, distintas da emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento, prexudican ou poden prexudicar a solidez financeira da entidade de diñeiro electrónico ou a capacidade do Banco de España para supervisar o cumprimento das obrigas establecidas na normativa aplicable, ou calquera outro aspecto cuxa reforma se considere necesaria para garantir o cumprimento das citadas obrigas.

3. A constitución da entidade separada a que se refiren os números anteriores tramitárase conforme o establecido no artigo 1. A solicitude correspondente deberase presentar ante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira no prazo de tres meses contado desde a data de notificación de tal exixencia do Banco de España. Transcorrido ese prazo sen que se presentase a solicitude de autorización anterior, ou denegada esta, e en caso de que a entidade de diñeiro electrónico híbrida non cese nas súas actividades no prazo de tres meses, a autorización concedida a esta poderá ser revogada en virtude do previsto no artigo 5.3.e) da Lei 21/2011, do 26 de xullo.

Unha vez constituída a entidade separada, a transferencia de actividades deberase levar a cabo no prazo máximo de tres meses desde a autorización.

CAPÍTULO VI

Outras disposicións relativas ao réxime xurídico da emisión de diñeiro electrónico e á prestación de servizos de pagamento prestados por entidades de diñeiro electrónico**Artigo 23. *Redes limitadas.***

En virtude do artigo 1.3.a) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, non estará suxeito á normativa reguladora de diñeiro electrónico o valor monetario almacenado en instrumentos cuxo uso estea limitado:

- a) Aos establecementos do emisor, ou;
- b) Dentro dunha rede limitada de provedores que subscribisen un acordo comercial directo co emisor do instrumento.

Considerarase que o uso dun instrumento se circunscribe a unha rede limitada se só se pode empregar para a adquisición de bens e servizos nunha determinada cadea de provedores de bens ou servizos, ou para unha serie limitada de bens e servizos, sexa cal sexa a localización do punto de venda.

Os provedores de bens e servizos incorporados a unha destas redes limitadas deberán ter subscrito un contrato en virtude do cal se recoñezan as obrigas comúns a todos eles para a aceptación do instrumento e os dereitos dos seus usuarios que, en todo caso, deberán ser idénticos independentemente do provedor do ben ou servizo.

Con todo, en caso de que un instrumento con fins específicos se converta nun instrumento con fins máis xerais, deberase entender incluído dentro do ámbito de aplicación deste real decreto. Así mesmo, os instrumentos que se poidan utilizar para comprar en establecementos de comerciantes afiliados non se encontran excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto posto que están pensados habitualmente para unha rede de provedores de servizos que crece constantemente.

Artigo 24. *Contas de pagamento.*

Cando unha entidade de diñeiro electrónico manteña unha conta de pagamento nos termos permitidos pola lei, deberá respectar as seguintes limitacións:

a) A apertura dunha conta de pagamento deberase vincular, necesariamente, á existencia previa ou á tramitación simultánea dunha orde de pagamento cuxo ordenante ou beneficiario deberá ser un terceiro distinto ao titular da conta.

b) Toda conta de pagamento terá asociada, desde a súa apertura e en todo momento, unha conta de depósito de efectivo aberta por un dos seus titulares nunha entidade de crédito autorizada na Unión Europea, á cal se deberá transferir o saldo da conta de pagamento cando esta non presente ningunha operación no último ano. Non se computarán como operación, para estes efectos, as entradas e saídas realizadas polo propio titular da conta.

Cando por algunha razón sobrevida non exista esa conta asociada, a entidade de diñeiro electrónico porá á disposición do titular da conta de pagamento o saldo desta, xa sexa na súa propia sede, xa sexa depositándoo ao seu nome nunha conta á vista nunha entidade de crédito autorizada a captar fondos reembolsables do público sometida a supervisión prudencial e domiciliada nun Estado membro da Unión Europea ou da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico.

De todo isto serán informados puntualmente todos os titulares da conta de pagamento.

c) As contas de pagamento destas entidades unicamente poderán presentar saldo debedor como resultado da prestación de servizos de pagamento iniciados polo beneficiario destes, pero nunca por operacións de pagamento iniciadas directamente polo ordenante titular da conta de pagamento.

Os saldos debedores das contas de pagamento deberanse repor no prazo máximo dun mes e o seu importe non poderá exceder, en ningún momento, a contía de 600 euros.

d) As demais limitacións que establece o Real decreto 712/2010, do 28 de maio.

CAPÍTULO VII

Réxime de supervisión e sancionador das entidades de diñeiro electrónico

Artigo 25. *Información sobre a estrutura de capital das entidades de diñeiro electrónico.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 21 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, as entidades de diñeiro electrónico deberán informar o Banco de España, tan pronto a coñezan, de calquera adquisición, incremento ou redución dunha participación significativa, indicando, de ser o caso, a identidade do seu novo titular, co obxecto de que o Banco de España poida valorar a vixencia dos requisitos exixibles para conservar a autorización.

2. O Banco de España poderá solicitar dos obrigados a realizar a comunicación a que se refire o artigo 21 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, e da propia entidade de diñeiro electrónico, a remisión de tanta información poida ser apropiada para avaliar a idoneidade daqueles como tedores dunha participación significativa na entidade de diñeiro electrónico.

3. Con independencia do previsto no número 1, as entidades de diñeiro electrónico deberán remitir ao Banco de España semestralmente, na forma e condicións que este determine, información sobre as entidades financeiras que posúan, directa ou indirectamente, participacións no seu capital, así como sobre calquera persoa que posúa polo menos un 2,5 por cento do seu capital.

Artigo 26. *Segredo profesional.*

Todas as persoas que desempeñen unha actividade para o Banco de España e tivesen coñecemento de datos de carácter reservado están obrigadas a gardar segredo sen prexuízo das obrigas que impoña a lexislación procesual penal española, conforme o previsto polo último parágrafo do artigo 11 deste real decreto. O incumprimento desta obriga determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño nin publicar, comunicar ou exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de ter cesado no servizo, salvo permiso expreso outorgado polo órgano competente do Banco de España. Se ese permiso non se concede, a persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que diso dimane.

Artigo 27. *Réxime sancionador.*

1. Ás entidades de diñeiro electrónico, así como a quen desempeñe cargos de administración ou dirección nelas, seralles de aplicación o réxime sancionador establecido no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Ese réxime alcanzará igualmente as persoas físicas ou xurídicas que posúan unha participación significativa na entidade de diñeiro electrónico, segundo o previsto no artigo 4.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, e aquelas que tendo nacionalidade española, controlen unha entidade de diñeiro electrónico doutro Estado membro da Unión Europea. A responsabilidade tamén alcanzará a quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas entidades responsables.

2. De conformidade co previsto no artigo 4.m) da Lei 26/1988, do 29 de xullo, a reiteración na infracción grave por parte da entidade de diñeiro electrónico considerarase infracción moi grave cando durante os cinco anos anteriores á súa comisión se lle impuxese á entidade sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

3. O incumprimento simplemente ocasional ou illado das normas de disciplina recollidas no artigo 23.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, cando iso non poña en grave risco a entidade de diñeiro electrónico nin afecte os usuarios dos seus servizos ou do sistema de pagamentos no seu conxunto, será sancionado como infracción leve.

4. As entidades de diñeiro electrónico, así como quen desempeñe cargos de administración ou dirección nelas, que infrinxan as normas de ordenación e disciplina

recollidas no artigo 23.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, cometerán infracción grave sancionable de acordo co título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo.

Esa responsabilidade alcanzará igualmente as persoas físicas ou xurídicas que posúan unha participación significativa na entidade de diñeiro electrónico, segundo o previsto no artigo 4.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, e a aquelas que tendo nacionalidade española, controlen unha entidade de diñeiro electrónico doutro Estado membro da Unión Europea. A responsabilidade tamén alcanzará a quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas entidades responsables.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para as entidades de diñeiro electrónico autorizadas conforme o artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

1. As entidades de diñeiro electrónico que fosen autorizadas para a emisión de diñeiro electrónico antes do 30 de abril de 2011, conforme o establecido no artigo 21 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, estarán obrigadas, para conservar esa autorización, ao cumprimento de todos os requisitos previstos na Lei 21/2011, do 26 de xullo, e neste real decreto, salvo o previsto no número seguinte.

2. Para os únicos efectos da acreditación prevista no número 2 da disposición transitoria da Lei 21/2011, do 26 de xullo, as referidas entidades de diñeiro electrónico non necesitarán achegar, salvo requirimento expreso da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, a documentación prevista nas letras a), c), d), f), g), h), i), j), l) e m) do artigo 3.1 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 322/2008, do 29 de febreiro, sobre o réxime xurídico das entidades de diñeiro electrónico.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto complétase a incorporación ao dereito español da Directiva 2009/110/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre o acceso á actividade das entidades de diñeiro electrónico e o seu exercicio, así como sobre a supervisión prudencial de tales entidades, pola que se modifican as directivas 2005/60/CE e 2006/48/CE e se derroga a Directiva 2000/46/CE.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación ao Banco de España.*

Habílitate o Banco de España para:

a) A creación e xestión do Rexistro de Altos Cargos a que se refire o artigo 5.1 deste real decreto.

b) Concretar e desenvolver o réxime de transparencia, información e recursos propios, nos termos previstos nos artigos 9.3, 17.2, 19.2, 20 e 25 deste real decreto, e exercer as facultades que prevén tales preceptos.

c) Autorizar a apertura de sucursais e a libre prestación de servizos por entidades de diñeiro electrónico españolas nun Estado non membro da Unión Europea, e a creación ou adquisición de participacións en entidades de diñeiro electrónico dun Estado non membro da Unión Europea, de conformidade co previsto nos artigos 12 e 13 deste real decreto.

d) Determinar que elementos se considerarán activos seguros e de baixo risco, de conformidade co previsto no artigo 16.2, último parágrafo, deste real decreto.

e) Exixir a constitución dunha entidade separada para a emisión de diñeiro electrónico e a prestación de servizos de pagamento, de conformidade co previsto no artigo 22 deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de maio de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO